

# MARÍA VICTORIA MORENO

Foi nada un 1 de maio de 1939 na provincia de Cáceres, cando aínda semellaban *asubiar as últimas balas da Guerra Civil*.

A vida non era sinxela máis non hai obstáculos que a loita e gusto polo saber non poida esquivar coma *cabalo que salta obstáculos*.

Estudou *francés, catalán*, e filoloxía románica, colaborando tamén coa ONCE lendo para invidentes.

Foi en 1963 cando chegou a Galicia e onde, *coma un barco que chega por fin a porto*, ficaria namorada da súa lingua e cultura.

Mestra das que ademais de ensinar inspiran, deu clase de literatura en diversos puntos de Galicia. Gosta da literatura de Cervantes, e o *Quixote co xirar de muiños* é unha das súas obras favoritas, como tamén o é o *Principiño na súa viaxe espacial*.

Eran tempos de *ventos, chuvia, tempestades e treboadas*, eran tempos de franquismo, malia todo ela continuaba a férrea defensa da lingua galega escribindo e impartindo cursos que chegan a *pechar alguha porta dun portazo* ao serlle retirado o pasaporte.

A súa paixon polas letras, e polas galegas en concreto, fai que de seguida comece a súa labor escritora nesta lingua destacando as *ondas que coma nunha marea viva* enchen o baleiro da literatura infantil coa obra *mar adiante*.

Comprometida cunha literatura de calidade para a infancia e xuventude ensina o castigo que reciben os *déspotas* a través dunha fábula dun *fachendoso galo* e as *galiñas e pitiños* que termina por ser un alegato a liberdade do vento na obra *O cataventos*

Coma neste exemplo os *animais* de distinta índole tamén son un aspecto relevante na súa obra, sempre ceives e non mascotizados.

Cultiva tamén a poesía e o conto poético no que as historias sonan coma unha *melodía afinada*.

É moi recoñecida a súa obra narrativa *Anagnórise na cal Nicolau* vive unha aventura vital nun *trascorrer dunha viaxe en coche*.

Este compromiso coa terra, a lingua, a xente e a infancia perdura ao longo da súa vida. Compromiso ideolóxico e loita personal que non cesan aínda cando o cancro de mama entra coma un *golpe de látego* na súa vida. A batalla contra a enfermidade relátala con maestría no seu *Diario da luz e a sombra*.

É este cancro de mama o que *remata coa súa vida* en novembro de 2005, ela fina deixando un *importante legado* literario así coma un exemplo de loita personal e ideolóxica que nestas *Letras Galegas* lembramos.

Vasos de carton "ao galope" na mesa.

